

AS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DO PERSOAL BIBLIOTECARIO UNIVERSITARIO

O Plan de Formación para o PAS da Universidade de Vigo pretende ofrecer unha formación, cun preeminente enfoque práctico, que responda ás necesidades reais das traballadoras e dos traballadores. Na Biblioteca Universitaria, as competencias son unha ferramenta para traballar por e co seu persoal na descrición e desenvolvemento dos procesos bibliotecarios, na formación nos ámbitos emerxentes de cada momento e na selección e avaliación do desempeño seguindo criterios lóxicos vinculados ás experiencias de éxito e aos comportamentos observables dos bibliotecarios durante a súa traxectoria profesional, por todo isto convocase este curso, que se desenvolverá de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.- Persoal destinatario.

Persoal da biblioteca universitaria interesado nas competencias profesionais.

Segunda.- Obxectivos.

Dar a coñecer e traballar o catálogo de competencias profesionais e o perfil de competencias do posto do persoal da Biblioteca Universitaria.

Terceira.- Desenvolvemento.

Lugar	Datas	Duración	Nº máximo de asistentes	Horario
Salas de videoconferencias dos tres campus	30 e 31 de outubro de 2019	5 horas	20	09:00 h – 11:30 h



De existir máis candidatos/as que ofertas, seguirase a orde alfabética a partir da letra Q vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda de 24 de xaneiro de 2019 (DOG do 5 de febreiro) e terase en conta ao persoal que, nos últimos dous anos, estea gozando ou gozase dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de familiares (D.L. 2/2015, do 12 de febreiro). En todo caso terá preferencia o persoal funcionario de carreira e laboral fixo.

Cuarta.- Solicitudes.

O prazo de inscrición rematará o 18 de outubro de 2019 debendo efectuarse a través de Bubela, dentro dos cursos ofertados polo Servizo de PAS deberá seleccionar o curso *As competencias profesionais do persoal bibliotecario universitario* por último, premer no botón *Preinscribir*.

De coincidir coa xornada laboral da persoa solicitante, será necesario presentar un informe favorable do responsable da unidade correspondente a cumprimentar na solicitude do curso (anexo II), que deberá enviarse no prazo de inscrición ao Servizo de PAS a través do enderezo formacionpas@uvigo.es.

Quinta.- Programa.

1. Desenvolvemento teórico das competencias profesionais 2008/2018
2. Que son as competencias profesionais no contexto das bibliotecas universitarias?
3. Cales son?
4. Como se poden aplicar?
5. Futuro das competencias nas bibliotecas universitarias.

Sexta.- Docencia.

Trinidad Alonso Moya, Subdirectora da biblioteca da Universidade de Jaén.

Sétima.- Control e certificacións.

1. A asistencia será voluntaria e controlárase mediante partes de sinatura ao inicio e final de cada sesión.
2. Rematado o curso, todas aquelas persoas que completasen a totalidade do horario previsto para cada unha das opcións recibirán un certificado de asistencia. A non asistencia, aínda que xustificada, superior ao 20% da súa duración suporá a non expedición do certificado correspondente e se esta é inxustificada suporá a perda do dereito a ser admitido durante un prazo de seis meses a calquera curso que se convoque, agás no suposto de que queden prazas vacantes.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800050s19N0000899

CSV

GEISER-3990-7306-fe39-41b9-b752-c3cb-792f-3b32

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

24/09/2019 11:13:37 Horario peninsular

Validez del documento

Original



3. As persoas admitidas só poderán renunciar ao curso cunha antelación mínima de dous días hábiles á data de comezo do curso, en caso contrario serán penalizadas segundo se establece no punto anterior.

Oitava.- Financiamento.

Os custos do presente curso imputaranse á aplicación orzamentaria 20190000421S16200 "Cursos de Formación PAS".

A xerente,

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800050s19N0000899

CSV

GEISER-3990-7306-fe39-41b9-b752-c3cb-792f-3b32

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

24/09/2019 11:13:37 Horario peninsular

Validez del documento

Original

